



Óscar Carballo gaña a Olimpiada Informática Galega 2023

Consegue unha medalla de bronce na fase nacional

ÍNDICE

- 3-6** páx **Olimpiada Informática Galega (OIG 2023)**
- 7-8** **Convenio *Navega con Rumbo***
- 9-10** **Día de Internet 2023. Manifiesto “Cidadanía dixital: Dereitos e oportunidades”**
- 11-13** **Día das Rapazas nas TIC 2023**
- 14** **VII Concurso literario infantil e xuvenil sobre a protección de datos**
- 15-17** **Xornada de formación sobre ciberseguridade coa Delegación do Goberno en Galicia**
- 17** **Premio Unión Profesional de Galicia para o tesoureiro do CPEIG, Francisco Javier Rodríguez**
- 18** **Evento lúdico-formativo “Hacking Nivel Mega”**
- 19** **Taller de robótica no Día do Neno Hospitalizado**
- 20** **O CPEIG nos medios de comunicación**

CONSELLO EDITORIAL

Fernando Suárez, presidente do CPEIG
Susana Ladra, vicepresidenta do CPEIG
Juan José González, secretario do CPEIG
Roberto Vieito, vicesecretario do CPEIG
Francisco Javier Rodríguez, tesoureiro do CPEIG
Iván Luis Vázquez, vogal do CPEIG

Contidos e asesoramento: **Vía Láctea Comunicación**

Maquetación: **Vía Láctea Comunicación**

Suxestións e comentarios: **revista@cpeig.gal**

Datos de contacto do CPEIG

Rúa Fernando III O Santo 13-1ªA
15701 Santiago de Compostela
Tel: 981 592 773 - Fax: 981 553 997

www.cpeig.gal

ISSN 2255-3169

Un rapaz de Castro de Rei, Óscar Carballo, estudante do Colexio Liceo La Paz da Coruña, e Pedro Rey, do IES Saturnino Montojo de Ferrol, gañan a Olimpíada Informática Galega

O castrense conseguiu unha medalla de bronce na Olimpíada Informática Española que se celebrou en Madrid a finais de marzo



Dous primeiros clasificados, Óscar Carballo e Pedro Rey

O Colexio de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) celebrou o 11 de febreiro a **Olimpíada Informática Galega (OIG 2023)** na Facultade de Informática da Universidade da Coruña (UDC), en colaboración coas tres universidades públicas galegas e o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e a Comunicación (CITIC).

No certame participaron unha trintena de estudantes de educación secundaria –ESO–, bacharelato e formación profesional de grao medio

de toda Galicia, procedentes de dezaseis centros educativos e residentes na Coruña, A Estrada, Foz, Ferrol, A Baña, O Barco de Valdeorras, O Porriño, A Merca, Ourense, Ames, Santiago, Teo, Vedra e Vigo.

Os gañadores foron, en primeira posición, **Óscar Carballo Puebla**, natural de Castro de Rei (Lugo) e estudante de formación profesional do Colexio Liceo La Paz; e no segundo posto **Pedro Rey Anca**, de Ferrol e estudante de 1º de Bacharelato do IES Saturnino Montojo da cidade ferrolá.

POSTO	NOME	PROBLEMAS RESOLTOS	DATA DO ÚLTIMO ENVÍO ACEPTADO
1º	Óscar Carballo Puebla Colexio Liceo La Paz. A Coruña (natural de Castro de Rei)	7	18:42
2º	Pedro Rey Anca IES Saturnino Montojo. Ferrol	4	18:26
3º	Isabel Villar García CPR Colexio Manuel Peleteiro. Santiago (natural de Teo)	3	17:47
4º	Juan Pablo Pardo Pérez CPR Colexio Manuel Peleteiro. Santiago	3	18:48
5º	Mario Prada Rodríguez IES Martagisela. O Barco de Valdeorras	3	19:33
6º	Hugo Domínguez Conde CPR Colexio Manuel Peleteiro. Santiago (natural de Vedra)	3	19:46

Os premios foron os seguintes:

1º CLASIFICADO

Óscar Carballo Puebla: 400 euros e asistencia á XXVII Olimpíada Informática Española.

2º CLASIFICADO

Pedro Rey Anca: 300 euros e asistencia á XXVII Olimpíada Informática Española.

3º CLASIFICADO

Isabel Villar García: 250 euros.

Terceira clasificada OIG, Isabel Villar





Cuarto clasificado OIG, Juan Pablo Pardo



Quinto clasificado OIG, Mario Prada



Sexto clasificado OIG, Hugo Domínguez

4º-6º CLASIFICADOS

Juan Pablo Pardo Pérez, Mario Prada Rodríguez e Hugo Domínguez Conde:
200 euros para cada un.

MELLOR PROGRAMADORA FEMININA

Isabel Villar García: 150 euros.

MELLOR PARTICIPANTE DA ESO

Mario Prada Rodríguez: 150 euros.



Oscar Carballo na olimpiada nacional e recollendo a medalla

Óscar Carballo conseguiu unha medalla de bronce na Olimpiada Informática Española (OIE) que se celebrou do 24 ao 26 de marzo en Madrid, situándose no posto número 11 con 446 puntos (outorgáronse catro medallas de ouro, outras catro de prata e outras tantas de bronce).

O segundo participante galego na fase nacional, Pedro Rey, recibiu un diploma de mención como participante do certame.

A OIG 2023 está patrocinada por diversas entidades e empresas do sector TIC: AWS (Amazon-Apser), Concello de Coruña, Dinahosting, DXC Technology, GDI, Mindata, Minsait, NTT Data, Sixtema e Veritas. Grazas a estas entidades patrocinadoras, o certame contou con premios adicionais para os seis primeiros clasificados.



Pedro Rey na olimpiada nacional

Olimpiada Informática Galega 2023



O CPEIG e a Xunta de Galicia renovan a colaboración para levar ‘Navega con Rumbo’ a 240 centros de ensino este curso

O presidente do Colexio, Fernando Suárez, e o conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, asinaron un convenio para o desenvolvemento da undécima edición desta iniciativa



Guíase aos rapaces cara unha navegación segura, tratando de evitar que sexan vítimas de condutas como o ciberacoso ou outros riscos da rede

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia asinaron o pasado marzo un convenio de colaboración para a realización de actividades de difusión e formación do programa **‘Navega con rumbo’**, destinado á promoción do uso responsable das novas tecnoloxías entre o alumnado de 240 centros educativos da comunidade dentro da Estratexia de Educación Dixital 2030 da Administración autonómica. O acordo foi asinado polo presidente do CPEIG, **Fernando Suárez**, e o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, **Román Rodríguez**.

Fernando Suárez agradeceu á Consellería esta colaboración un ano máis, que cualificou como “unhas das accións máis bonitas que o CPEIG

ten emprendido” e que xa foi distinguida pola Agencia Española de Protección de Datos (AEPD) co Premio ás Boas Prácticas Educativas en Privacidade e Protección de Datos Personais para un Uso Seguro de Internet polos Menores.

O presidente do CPEIG explicou que, ademais, existen estudos como o de Unicef España coa Universidade de Santiago (USC) e o Consejo de Colegios de Ingeniería Informática (CCII), ‘Impacto da Tecnoloxía na Adolescencia. Relacións, riscos e oportunidades’, que evidencian a necesidade de accións do tipo de ‘Navega con Rumbo’ destinadas a cubrir as necesidades educativas en seguridade en internet. “Desde o CPEIG queremos ser un foro aberto, un lugar de referencia para atender as dúbidas tecnolóxicas da comunidade educativa” –apunta Suárez–.

‘Navega con rumbo’, que cumpre a súa undécima edición, é un programa encamiñado, por unha banda, ao alumnado para guialo cara unha navegación segura, tratando de evitar que sexan vítimas de condutas como o ciberacoso ou outros riscos da rede, e por outra, para o profesorado e familias, facéndoos partícipes das recomendacións que eles poden aprender de xeito que tamén sexan transmisores para o alumnado.

O CPEIG realizará charlas nos meses de maio e xuño de concienciación, destinadas a toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias) de 5º e 6º curso de educación primaria, 1º curso da ESO e 1º curso de ciclos de formación profesional de grao básico dos centros seleccionados pola Consellería. Organizaranse 240 xornadas, dunha hora de duración, durante o curso escolar 2022-2023, que impartirán especialistas do CPEIG.

O Colexio desenvolveu **unha nova web**

[<https://navegaconrumbo.cpeig.gal/>]



asociada ao proxecto na que se pon a disposición da comunidade educativa información de interese. Tamén elaborou unha **Guía de Boas Prácticas en Internet** para alumnado, profesorado e familias que estará dispoñible en soporte dixital e se distribuirá, en formato impreso, nos centros educativos.

Desde que se puxo en marcha, a través do ‘Navega con Rumbo’ leváronse a cabo máis de 2.000 accións formativas.

Decálogo do bo e da boa navegante

Protexerei a miña privacidade

Sempre empregarei un alcume e nunca intercambiarei datos persoais por Internet. Debo ser consciente de que calquera contido que suba a Internet estará dispoñible para moitas persoas.

Configurarei o meu perfil

Manterei o perfil privado nas redes sociais para evitar que descoñecidos accedan a miña información persoal.

Non me fiarei dos perfís

Non me fiarei dos descoñecidos cos que tome contacto a través de Internet e, por suposto, non me citarei con eles a través da Rede para quedar na vida real.

Usarei contrasinais difíciles de adiviñar

Evitarei os contrasinais fáciles de adiviñar, como nome ou data de nacemento, e usarei os maiúsculas/ minúsculas/ números/sinais.

Falarei co meu pai, nai e titores

Comentarei co meu pai, nai ou titor/a calquera situación que me incomode. Os riscos en liña son similares aos da vida real e podo atopar a alguén que me amole virtualmente.

Non mercarei sen permiso

Non farei compras por Internet sen consultalo cos meus maiores.

Coidarei o meu dispositivo

Empregarei sempre software actualizado e por medio de canles oficiais.

Ignorarei o spam e outros

Non farei caso do spam, é dicir, non abrirei correos electrónicos nin documentos xuntos sospeitosos.

Serei respectuoso

Gardarei respecto e educación nas formas e no xeito de expresarme a través de Internet. Se atopo un sitio no que está escrito “acceso prohibido a menores”, respectarei esa indicación.

Recordarei que Internet ten memoria

Antes de publicar, pensarei dúas veces se o escrito é correcto, se fará dano, se se entende como eu penso...



O CPEIG apoia o primeiro manifesto para impulsar a cidadanía dixital

Foi elaborado polas 60 organizacións do Comité de Impulso do Día de Internet [17 de maio] para reducir a brecha dixital

Inclúe un decálogo de medidas para facilitar a plena inclusión de todas as persoas nunha sociedade cada vez máis dixital

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) súmase ao Día Mundial das Telecomunicacións e Sociedade da Información, coñecido como **Día de Internet**, efeméride declarada pola ONU en 2006 que se celebra o **17 de maio** co obxecto de dar a coñecer as posibilidades das novas tecnoloxías para a mellora do nivel de vida da sociedade e promover o seu bo uso.

O Consejo General de Colegios Oficiales Profesionales de Ingenieros / Ingenieras en Informática (CCII) é unha das máis de 60 organizacións asinantes do manifesto **“Cidadanía dixital: Dereitos e oportunidades”** do Día de Internet 2023, un texto que foi presentado polo Comité de Impulso do Día de Internet, do que forma parte o CCII, no encontro anual de Editores, organizado polo Club Abierto de Editores (CLABE).

O presidente do CPEIG e presidente do CCII, **Fernando Suárez**, sinala que este manifesto é unha ferramenta que pode axudar a impulsar a cidadanía dixital para non deixar atrás a ningún colectivo. “A finalidade é conseguir apoios para lograr unha cidadanía dixital plena e respectuosa cos dereitos de todos e todas, e situar así ás persoas no centro dun mundo cada vez máis dixitalizado” –explica–.

Segundo define a UNESCO, “Cidadanía Dixital” é o conxunto de habilidades que permite aos



#DiadeInternet2023,
#diadeinternet #ddi2023
#ManifiestoCidadaniaDigital

cidadáns acceder, recuperar, comprender, avaliar e utilizar, crear e compartir información e medios en todos os formatos, utilizando diferentes ferramentas tecnolóxicas, de maneira crítica, ética e creativa”.

O manifesto inclúe un decálogo con 10 medidas para facilitar o acceso e o uso das tecnoloxías dixitais e para o seu empoderamento na sociedade da información, co fin de garantir a plena inclusión de todas as persoas nesta nova sociedade dixital.

Descarga manifesto e formulario de subscrición:

www.diadeinternet.org/manifiesto



Dispositivos electrónicos “a punto” con antivirus actualizados, usar conexión segura e nunca redes Wifi públicas e ferramentas de pago fiables como PayPal ou tarxetas de prepago

Por outra parte, o CPEIG ofrece unha serie de recomendacións con motivo do Día de Internet sobre o chamado *e-commerce* ou comercio electrónico, un sistema de compravenda de produtos e servizos que está cada vez máis de moda e suma adeptos día tras día.

Fernando Suárez, explica que cada vez mércase máis e máis de forma online, o que provoca o aumento das transaccións por internet. Asegura que mercar en tendas online é segura, pero sempre seguindo unha serie de pautas de seguridade, e por suposto aplicar o “sentido común, fuxir das gangas e usar webs de confianza”.

En concreto, Fernando Suárez indica que as claves que mostran ao usuario que unha web é segura para mercar son que a dirección comece por HTTPS e mostre un cadeado na barra de direccións, “sinais que garanten que os datos persoais ou bancarios que se transmiten está cifrados e polo tanto a información é segura”.

Pero o comprador debe ter en conta outros aspectos técnicos para o momento das compras online. O CPEIG asegura que é preciso ter sempre os dispositivos electrónicos “a punto”

–ordenadores, móbiles, tablets–, con antivirus instalados e actualizados para descartar virus capaces de recompilar información persoal ou bancaria do dispositivo. Tamén é recomendable usar unha conexión segura a internet, evitando redes Wifi públicas que non ofrecen ningunha garantía de seguridade.

Unha vez que se atopa o produto desexado, o CPEIG destaca que o consumidor debe revisar a fondo a información desa tenda online: quen somos, domicilio fiscal, investigar que datos recollen dos usuarios e con que fin, formas de pago e política de envío e devolucións. Tamén é recomendable indagar sobre a tenda online en buscadores, redes sociais e foros e revisar as opinións doutros usuarios.

Xa con todo preparado para a compra, o CPEIG recomenda usar ferramentas de pago fiables, como PayPal ou tarxetas de prepago, en vez de dar o número da tarxeta de crédito directamente, aínda que tamén se considera unha práctica segura sempre que a páxina sexa de confianza, ben sexan páxinas de cadeas multinacionais ou do comercio local.

O CPEIG, a Secretaría Xeral de Igualdade e o CESGA e celebraron a undécima edición do Día das Rapazas nas TIC, coa participación de máis de 650 estudantes de 23 centros escolares

Organizouse un coloquio virtual con catro galegas que traballan nas TIC para estudantes de primaria e secundaria

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) organizou coa Secretaria Xeral de Igualdade e o Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga), dependente da Axencia Galega da Innovación (Gai) da Xunta de Galicia, a undécima edición do **“Día Internacional das Rapazas nas TIC”** (International Girls in ICT Day), evento destinado a motivar ás novas xeracións de mozas para que consideren o ámbito das TIC para o seu desenvolvemento académico, investigador e profesional.



A efeméride tivo lugar o 27 de abril na sede do CESGA coa participación de máis de 650 estudantes de 23 centros escolares de toda Galicia. O acto foi inaugurado polo director do CESGA, **Lois Orosa**, e contou coa intervención da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, **María Jesús Lorenzana**.

A actividade, destinada ao alumnado de primaria e secundaria de Galicia, consistiu nunha multiconferencia web, que se retransmitiu tamén por streaming, na que participaron profesionais galegas que contarán, dun xeito ameno e polo miúdo, a súa traxectoria, no que traballan, e o que a tecnoloxía pode aportar en diversos





campos para mellorar a vida de todas e todos. Na mesa redonda, moderada pola coordinadora da área e-learning do Cesga, María José Rodríguez Malmierca, estiveron catro destacadas tecnólogas galegas que traballan e investigan en ámbitos relacionadas coas novas tecnoloxías, desde perspectivas moi distintas: Mariamo Mussa Juane, Esther Medina, Alba Meijide e Carmela Troncoso.

– **Mariamo Mussa Juane** estudou Física e e obtivo o doutoramento en Física de Sistemas Complexos. Ambas teimas vencéllarona a Santiago de Compostela. Na actualidade, traballa no CESGA coordinando un grupo de computación cuántica, un paradigma novo da computación baseado na mecánica cuántica. Dedícase a crear algoritmos cuánticos que esixen novas maneiras de ollar.

– **Esther Medina** é a xefa de Innovación no Entorno Dixital da CRTVG. Estudou Enxeñaría de Telecomunicacións, fixo un Máster en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions orientado a Internet na Universidade de Santiago (USC). Tamén é MBA e doutora pola Universidade de Vigo (UVigo) no Programa de Doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial. Defende a tecnoloxía como parte da evolución natural. É unha apaixonada do momento que estamos a vivir a nivel de transformación dixital. Durante a súa traxectoria profesional dirixiu, deseñou e executou multitude de proxectos vinculados sempre ao ámbito tecnolóxico, dixital

e audiovisual. Nestes momentos, dous dos proxectos que lidera están relacionados co Big Data e coa futura OTT da CRTVG.

– **Alba Meijide**, nada na Coruña, é licenciada en Intelixencia Artificial pola Universidade de Manchester, onde posteriormente completou os seus estudos co Máster of Engineering en IA. A súa actividade laboral comezou coa coordinación e xestión no congreso internacional “Mundos Digitales”, e desenvolve a súa actividade profesional como consultora e deseñadora de proxectos baseados en Intelixencia Artificial para empresas, tanto nacionais como internacionais en sectores moi variados. Estes proxectos foron compaxinados recentemente co cargo de comisaria da exposición “AI: More than Human” na Coruña, unha exposición sen precedentes dos desenvolvementos creativos e científicos da Intelixencia Artificial, onde tamén se encargou do deseño do único desenvolvemento nacional incluído na mostra.

– **Carmela Troncoso** é unha enxeñeira en Telecomunicacións galega que, tras estudar na UVigo, doutorouse na universidade KU Leuven en Bélxica en Enxeñaría de Telecomunicacións. Actualmente é profesora na Escola Politécnica Federal de Lausana, Suíza, e dirixe o Laboratorio SPRING, especializado en privacidade e seguridade, na mesma universidade. Ten recibido múltiples galardóns e recoñecementos ao longo da súa carreira, como o de Mellor docente de

Ciencias da Computación do EPFL (2022) e a Revista Fortune incluíuna no 2020 no prestigioso grupo das 40 líderes emerxentes polo seu papel principal na construción do sistema de rastreo de proximidade descentralizado para preservar a privacidade ou DP-3T, unha aplicación de rastreo que serve para frear a propagación da enfermidade en Suíza.

Desde os centros escolares, as rapazas e rapaces enviaron as súas preguntas e inquiredanzas en directo para poder ter ese diálogo directo coas tecnólogas invitadas. Tamén de forma presencial e ao remate do coloquio, un grupo de estudantes realizou unha visita guiada ao superordenador Finis Terrae III e participou nun obradoiro tecnolóxico.

Xa pola tarde, celebráronse máis obradoiros tecnolóxicos dirixidos a rapazas e rapaces de entre 10 a 16 anos, presentados por un grupo de mozas galegas, 5Girls4Techno, gañadoras dun premio internacional por crear a mellor APP europea en Technovation Girls o pasado ano. Ademais, pola tarde houbo xogos e visitas guiadas ao superordenador FinisTerrae III.




Desde 2012, o CESGA coordina o Proxecto Europeo “ICT-Go-Girls!, Promoting Entrepreneurship among secondary School Girls through ICT” (Promoción do emprendemento das rapazas de secundaria a través das TIC), que deseñou e testou unha metodoloxía innovadora para loitar contra a escaseza de vocacións tecnolóxicas entre as rapazas europeas. Esta acción foi completada coa iniciativa galega “Rapazas Emprendedoras nas TIC” na que colabora o CPEIG no marco do Plan Proxecta da Consellería de Cultura, baixo a coordinación da Secretaría Xeral de Igualdade, dirixida ás rapazas de primeiros anos de secundaria.



Álvaro López, do Colexio de Fomento Peñarredonda da Coruña, e Lucía Rodríguez, do CEIP Virxe da Pena da Sela en O Irixo, gañan o VII Concurso literario infantil e xuvenil sobre a protección de datos 2023

O certame foi convocado polo Colexio de Enxeñaría en Informática de Galicia e a Xunta de Galicia

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, fallan o **VII Concurso literario infantil e xuvenil sobre a protección de datos 2023**.



O gañador na categoría da ESO foi **Álvaro López Mosquera**, alumno que cursa 4º da ESO no **Colexio de Fomento Peñarredonda** da Coruña. Foi premiado por un relato titulado **“A importancia da protección de datos”** que se presentou baixo o pseudónimo ‘Lopimosq’. Neste traballo Álvaro explica de forma sinxela, pero moi directa e mesmo profesional, o concepto de protección de datos e as medidas que existen actualmente para garantir a protección dos datos persoais, mesmo facendo referencia a lexislación vixente, un texto moi profesional e ben argumentado.

Na categoría de Primaria o premio foi para **Lucía Rodríguez Pérez**, do curso de 5º de Primaria do **CEIP Virxe da Pena da Sela de O Irixo**, na provincia de Ourense. Presentou baixo o alcume ‘Luro’ un traballo titulado **“O camiño descoñecido”**. Lucía narra unha historia, a dunha rapaza que rematando o curso escolar, pérdese

de camiño á casa, e asustada e sen batería no móbil atópase cunha muller distinguida que se presta a axudala, pero a cambio dos seus datos persoais. Finalmente, a nena chegou sa e salva e contoulle o sucedido a súa nai, que rapidamente denunciou o caso. Esta redacción metafórica representa que non se debe facer cos datos persoais, e como proceder en caso de perigo.

Os dous gañadores recibirán unha tableta, ademais dun kit de robótica para a súa aula. Tamén o **CEIP Virxe da Pena da Sela de O Irixo** recibe o recoñecemento especial do certame ao ser o centro que máis traballos presentou.

Este concurso ten por obxecto que a sociedade galega tome conciencia da necesidade de incorporarse á cultura da protección de datos, nomeadamente os menores de idade, promovendo o coñecemento de cales son os dereitos e responsabilidades en materia de protección de datos.



O CPEIG colabora nunha xornada de ciberseguridade dirixida ás Forzas e Corpos de Seguridade, organizada hoxe en Santiago pola Delegación do Goberno en Galicia

Fernando Suárez, presidente: "As estafas telemáticas crecen a un ritmo dun 50% anual en Galicia. Dispoñemos de grandes profesionais, polo que debemos situarnos como referente e transmitir á cidadanía confianza no uso cotiá dos medios tecnolóxicos"

A vogal do Colexio, Pilar Vila Avendaño, participou nunha mesa de debate e falou da cadea de custodia de evidencias dixitais

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) colaborou na celebración dunha xornada de formación sobre ciberseguridade organizada en marzo pola Delegación do Goberno en Galicia no Centro Obra Social ABANCA de Santiago.

O presidente do CPEIG, **Fernando Suárez**, asistiu á sesión inaugural, presentada pola subdelegada do Goberno na Coruña, **María Rivas**, e na que interviñeron o que era nesa data delegado do Goberno en Galicia, **José Miñones**, e actualmente é ministro de Sanidade; o alcalde de Santiago,

Xosé Antonio Sánchez Bugallo; o presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), **Alberto Varela**; o Xeneral Xefe da Garda Civil de Galicia, **Miguel Ángel González Arias**; o Xefe Superior da Policía Nacional de Galicia, Ramón Gómez Nieto; e o director de Prevención de Perda, Continuidade de Negocio e Seguridade de ABANCA, **Roberto Baratta**.

Fernando Suárez manifestou que a transformación dixital está ocorrendo a unha velocidade vertixinosa, moito máis rápido que a capacidade humana para adaptarnos a novas



situacións, e os últimos avances como a web semántica ou o metaverso así o corroboran. “Esta nova realidade é un escenario de todo o bo que sabe facer o ser humano, pero tamén de todo o malo e o crime estase aproveitando desa brecha entre a velocidade coa que avanza a tecnoloxía e a capacidade das persoas para adaptarnos ao cambio” –apuntou–.

Neste punto, Suárez destacou a importancia da ciberseguridade e que “non hai un minuto que perder, nin escatimar recursos e coa imprescindible colaboración e intercambio de información en tempo real”. Indicou que é fundamental concienciar ás persoas sobre os novos comportamentos para a prevención e denuncia, pero tamén é imprescindible proporcionar á sociedade as ferramentas que garantan esa seguridade.

“Na última década, as infraccións penais relacionadas coa ciberseguridade incrementáronse en España máis dun 770 %. Tamén houbo no Estado máis de 40.000 ciberataques diarios en 2021, o que significou un incremento dun 125 % con respecto ao 2020. En Galicia, as estafas telemáticas crecen a un ritmo dun 50% anual. É previsible que esta evolución de carácter practicamente exponencial se manteña, segundo advirte a Unión Europea” –analizou–.

Ademais, matizou que o CPEIG é consciente dos retos e oportunidades que se xeran ao redor da ciberseguridade e apoiará iniciativas divulgativas como a celebrada hoxe e outras como a creación da Rede Galega de Ciberseguridade, o Tegra –centro de ciberseguridade creado por Telefónica e Gradiant, o capítulo galego da asociación ISMS Forum ou o Nodo de Ciberseguridade de Galicia. A nivel formativo, lembrou a creación do Máster Universitario de Ciberseguridade das Universidades de Coruña e Vigo.

Todas elas accións que contan coa colaboración do CPEIG, ao igual que na iniciativa para a mellora das capacidades dos Corpos e Forzas de Seguridade mediante a formación no marco do Plan director ou da creación das *Equipos @*, merecedores do Premio Iniciativa da Administración da XIV Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia do CPEIG, celebrada en 2022. “Galicia dispón de grandes profesionais e empresas tecnolóxicas e, en concreto, no mundo da seguridade, polo que debemos situarnos como referente neste sector e transmitir á cidadanía confianza no uso dos medios tecnolóxicos que forman parte da nosa vida cotiá” –asegurou Suárez–.

A continuación celebrouse unha mesa de debate dirixida a integrantes das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado –Policía Nacional e

Garda Civil-. Contou coa participación da vogal da xunta de goberno do CPEIG, **Pilar Vila Avendaño**; ademais de contar do responsable de ciberseguridade e CISO ABANCA, **Carlos Pérez Saldaña**; o Inspector xefe da Policía Nacional, **Santiago Reboyras Martínez**; e o Sarxento 1º da Garda Civil e xefe de equipo APR contra a cibercriminalidade na Coruña, **Alberto González Gómez**.

Pilar Vila Avendaño falou da cadea de custodia de evidencias dixitais, a súa necesidade nos procesos xudiciais, ademais de comentar como obter, precintar, depositar e clonar a información para poder dar garantías e defender a integridade da proba.

A xornada foi clausurada por **María Rivas** e a vicepresidenta da FEGAMP, **María Barral**.



Francisco Javier Rodríguez, “Profesional Colexiado 2022” da Unión Profesional de Galicia

O tesoureiro do CPEIG, o enxeñeiro en informática **Francisco Javier Rodríguez**, recibiu o galardón “Profesional Colexiado 2022” da Unión Profesional de Galicia. O acto celebrouse o pasado 5 de maio na Capela do Hostal do Reis Católicos, onde estivo acompañado polo presidente do Colexio, Fernando Suárez, e os seus familiares.



A ciberseguridade e a criptografía foron os temas centrais do evento lúdico-formativo “Hacking Nivel Mega” que se celebrou en febreiro no Museo Mega de Estrella Galicia

Organizaron a actividade CPEIG, Cátedra R, plataforma Armis, fundación Gradient e empresas do sector tecnolóxico –InprOTech, Cloud.gal, Forensic & Security e Qualinnova–

Os 70 asistentes visitaron o museo, participaron nunha cata de cervexa e queixos e en dúas conferencias formativas

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG), a Cátedra R, a plataforma Armis, a fundación Gradient e empresas do sector tecnolóxico –InprOTech, Cloud.gal, Forensic & Security e Qualinnova– organizaron o pasado mes de febreiro a xornada “Hacking Nivel Mega”, un evento mix lúdico-formativo sobre ciberseguridade no Museo Mega de Estrella Galicia da Coruña.

A vogal do CPEIG, **Pilar Vila Avendaño**, sinala que os obxectivos foron apoiar a comunidade ciber galega creando un evento distendido que sirva de encontro e networking para os profesionais, así como ser un entorno para que os estudantes de FP e universitarios poidan achegarse ao mundo ciber e aprender e compartir para seguir crescendo neste ámbito.

A actividade, á que asistiu o presidente do CPEIG, **Fernando Suárez**, tivo 70 participantes que visitarán o museo e gozarán da experiencia dunha cata de cervexa e un servizo de maridaxe de queixos. Na parte máis académica, celebráronse

dúas charlas sobre ciberseguridade, nas que interviron Juan González Martínez, de Gradient, que falou sobre “Criptografía (e tamén matemáticas...) maridadas con cervexa, que pode saír mal?” para explicar como, mediante a resolución dun reto, pódese aprender sobre vulnerabilidades criptográficas e tamén sobre a súa historia e a das matemáticas nas que se basean; e o especialista en ciberseguridade Joel Senra Moreno, que analizou a cuestión do “RFID en controis de acceso e sistemas de autoservizo” onde mostrou varios ataques, tanto ás tarxetas RFID como aos lectores das mesmas e o proceso realizado para ler, escribir, emular e clonar tarxetas RFID.

HACKING NIVEL MEGA

DATA: 10 de febreiro
LUGAR: Museo Mega de Estrella Galicia
(Rúa José María Rivera Corral, 6, A Coruña)
HORA: 16:00 - 20:30 horas

Visita ao museo e experiencia de catas de cervexa

Charlas sobre ciberseguridade

Juan González (Gradient):
"Criptografía (e tamén matemáticas...) maridadas con cervexa, que pode saír mal?"

Joel Senra:
"RFID en controis de acceso e sistemas de autoservizo"

SERVIZO DE MARIDAXE DE QUEIXOS

Logos patrocinadores: cátedra R, ARMIS, gradient, InprOTech, cloud.gal, FORENSIC & SECURITY, QUALINNOVA



Taller de robótica para nenos e adolescentes ingresados no CHUS con motivo do Día do Neno Hospitalizado

Celebrouse na Aula Hospitalaria do hospital de Santiago, en colaboración con ASANOG e impartido pola empresa Captioma Galicia

Decenas de robots autónomos, adestrados polos participantes, percorreron o CHUS seguindo camiños por cores e con obstáculos e algunha que outra sorpresa

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) organizou o 12 de maio un taller de robótica para os nenos ingresados no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) en colaboración coa Asociación de Ayuda a Niños Oncolóxicos de Galicia (ASANOG), con motivo do Día do Neno Hospitalizado que se conmemora cada 13 de maio. O presidente do CPEIG, **Fernando Suárez**, asistiu á inauguración do obradoiro na Aula Hospitalaria do CHUS, acompañado por **Alba Tuñas**, unha representante de ASANOG, entidade que preside **Merce Fernández Baleato**.

O taller, dirixido a nenas e nenos de 6 a 14 anos, foi impartido por **Pablo Novoa** e **Gálata Martínez** da empresa **Captioma Galicia**. O



taller centrouse en experimentos con robótica educativa, baseados en detección e visión artificial. Decenas de robots autónomos, adestrados polos participantes, percorreron o CHUS seguindo percorridos por cores, obstáculos e algunhas sorpresas que apareceron polo camiño.



El año de la inteligencia artificial
La IA, las supercomputacións, o fenómeno de las cripto e o ChatGPT son algúns dos protagonistas da revolución tecnolóxica do pasado ano que prosibirán segun se prevé durante o 2023

Faro de Vigo
04.01.2023

Datos personales, grandes codiciados
Unha revolución tecnolóxica que nos dá acceso a informacións que antes só estaban reservadas a poucos. Pero tamén nos dá acceso a datos persoais que nos interesan pouco e que nos interesan moito menos a quen os recolle

Faro de Vigo
18.01.2023

A moeda de cambio en Internet son os datos
Os datos son a moeda de cambio en Internet. Son os datos os que nos permiten acceder a informacións que antes só estaban reservadas a poucos. Pero tamén son os datos os que nos permiten acceder a datos persoais que nos interesan pouco e que nos interesan moito menos a quen os recolle

Nós Diario
07.02.2023

Vetar el porno online a los niños es posible
Los expertos recomiendan en España, como en Francia, controlar más a fondo la información disponible en Internet para evitar que los niños accedan a contenidos inapropiados

El Correo Gallego
08.02.2023

Pedro Rey, 16 años y «olímpico» en Informática
«Empecé a programar de niño con mi padre»
El joven Rey de Galicia participará en un torneo internacional de programación en España

La Voz de Galicia. Ferrol
18.02.2023

A Chaira
«Soy autodidacta y aprendo a base de practicar mucho»
Oscar Carballo, campeón de la Ombreira Informática Galega

El Progreso. A Chaira
21.02.2023

0 CPEIG nos medios de comunicación



Atlántico Diario
02.04.2023



ABC Galicia
22.03.2023



La Opinión
23.04.2023



La Opinión
03.05.2023



La Voz de Galicia
03.05.2023



Diario de Bergantiños
05.05.2023